

D. 160/1988, TTE. ESCOLAR. Consolidado.

**Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.**

O transporte escolar adquiriu unha magnitude e importancia, tanto desde o punto de vista económico como desde un enfoque sociolóxico, impensable hai unha década, fundamentalmente a causa do proceso de concentración de centros de ensino, propiciada pola Lei Xeral de Educación de 1970.

A normativa do transporte vixente no ano 1970 non contemplaba o fenómeno do transporte escolar, polo que tivo que dictarse unha Orde, a do 27 de outubro de 1972, así como os Decretos do 17 de maio de 1973 e 25 de agosto de 1983, para a súa regulación específica. A importancia que desde aquela adquiriu o transporte escolar e a necesidade de adaptarse ás peculiaridades das Comunidades Autónomas plasmouse en numerosas Ordes e Decretos, promulgados polas mesmas.

Se importante é o transporte escolar en España, en Galicia é en maior medida, como o demostra o feito de que o presuposto dedicado a financia-lo transporte escolar de Galicia pasou do 12% do nacional en 1971/72 ó 29% no curso 1979/80.

En efecto, a peculiar configuración do asentamento de núcleos de poboación (a metade de tódolos de España) xera maiores necesidades de desprazamento. Para intentar dar resposta á dita especificidade por sucesivas Ordes de datas 11 de xuño de 1980, 29 de decembro de 1980 e 22 de abril de 1981, regulouse o transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

A obsolescencia das normas, que inexcusablemente se deriva do normal devir sociolóxico e económico dos pobos, fai preciso revisa-la dita normativa á luz da experiencia adquirida e da necesaria consideración do cambio do marco lexislativo xeral que a Lei 16/1987, do 30 de xullo, supuxo. Co presente Decreto recóllese a normativa contida nas disposicións do Ministerio de Transportes, Turismo e Comunicacions e nas Ordes da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, en canto resultaba aplicable á realidade actual da Comunidade Autónoma de Galicia, harmonizándoas en enchendo lagoas cando así resultaba preciso. Especial coidado se puxo na regulación do dereito de servizos regulares permanentes de uso xeral, para conxuga-lo feito diferencial da dispersión poboacional de Galicia co cambio de enfoque que a Lei 16/1987 consagra respecto ós dereitos de preferencia e tanteo. Fronte á normativa anterior, a Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres restrinxo os ditos

dereitos en xeral e, en concreto, por canto se refire ó transporte escolar e de obreiros, o artigo 89.2 do referido corpo legal condiciona o seu servizo ou á súa baixa rendabilidade. Por outra parte, as circunstancias orográficas e sociolóxicas de Galicia determinan que a práctica totalidade das concesións de servizos públicos regulares de uso permanente xeral participen, en maior ou menor grao, das características recollidas no citado artigo 89. Por isto considerouse conveniente facer extensivo o dereito de prioridade a tódolos titulares de concesións de servizos público regular de viaxeiros de uso público xeral, coa única excepción, contida no artigo 9.3, dos servizos que conflúan cara ás grandes cidades ou comuniquen estas.

Na súa virtude, en uso das competencias atribuídas polo artigo 27.8 da Lei orgánica 1/1981, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia, a iniciativa da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e a proposta da Consellería da Presidencia, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día nove de xuño de mil novecentos oitenta e oito.

**DISPOÑO:**

**Artigo 1º.-** Rexerase polo disposto no presente Decreto o transporte de estudantes, alumnos de educación especial e de produtores desde os seus lugares de residencia ós centros de ensino e fabrís ou comerciais e viceversa, sempre que o seu percorrido discorra integramente dentro do ámbito territorial de Galicia e, así mesmo, aínda cando discorra algunha parte do trazado por outra Comunidade Autónoma e non efectúe na mesma paradas para tomar ou deixar viaxeiros.

**Artigo 2º.- 1.** Os servizos definidos no art. 1º poderán ser **urbanos**, cando a súa prestación se realice nos termos establecidos no art. 113 da Lei de Ordenación dos transportes Terrestres ou interurbanos.

**2.** O presente Decreto aplicarase en todo caso ós **servizos interurbanos**. Tamén se aplicará ós **transportes urbanos** con carácter supletorio, no que lles sexa de aplicación *en defecto de ordenanzas propias*.

**3.** Sen prexuízo das competencias municipais na materia, será de aplicación ós servizos urbanos de transportes definidos no art. 1º do réxime sancionador e de control dos transportes terrestres contido no título V da Lei 16/1987, de Ordenación dos Transportes Terrestres.

**Artigo 3º.- 1.** Os servizos públicos regulares interurbanos de uso especial para transporte escolar e de produtores poderán realizarse baixo algunha das seguintes **modalidades**:

a) **Servicios públicos regulares de uso especial**, prestados con vehículos provistos de autorización para servicios discrecionales, sempre que o seu ámbito cubra o itinerario do servicio ou, excepcionalmente, cando o itinerario do servicio de transporte escolar non difira en máis de 2 km. co do servicio regular de viaxeiros de uso xeral, con vehículos adscritos de forma exclusiva o dito servicio e provisto da autorización que para a dita modalidade de servicio establece a normativa vixente.

b) **Servicios públicos prestados con vehículos de menos de 10 prazas incluído o conductor**, provistos de autorización de transporte público de viaxeiros, cando o número de alumnos que se van transportar non xustifiquen contratar un vehículo de maior capacidade.

**Artigo 4º.-** O transporte escolar e de produtores poderá efectuarse en **régime privado** con vehículos provistos da autorización para transporte privado complementario regulado no artigo 102 da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres.

**Artigo 5º.-** A prestación de servicios públicos de transporte escolar e de obreiros, así como dos particulares complementarios de menores ou de alumnos de educación especial, estará condicionada a obtención da oportuna **autorización** outorgada pola Dirección Xeral de Transportes, que conterà a relación de vehículos propostos pola empresa que reúnan os requisitos esixidos pola normativa vixente.

A *autorización para os servicios de carácter urbano* será outorgada polos *respectivos Concellos* de acordo co establecido nas súas propias Ordenanzas.

**Artigo 6º.-** Cando o titular do servicio careza de **vehículos** da súa propiedade para substituí-los autorizados poderá utilizar material idóneo, de titularidade de **terceiros**, provistos da autorización de transporte requirida para a prestación do servicio e que reúna as características técnicas esixidas pola Lexislación vixente, debendo dar conta da substitución á Xefatura Provincial de Transportes correspondente, con anterioridade á prestación do servicio, xustificando a causa da baixa do vehículo substituído, agás os casos de forza maior en que a notificación deberá realizarse dentro das 24 horas hábiles seguintes.

O incumprimento da obrigaçión de notificación sancionárase como infracción leve, de conformidade co disposto no art. 142 n) da Lei 16/1987, do 30 de xullo.

A responsabilidade derivada da prestación dos servicios regulados no presente Decreto con vehículo que non reúnan as características esixidas pola normativa en vigor, recaerá, conforme ó establecido no art. 138 da precitada Lei, sobre o

titular da autorización de servicio regular de uso especial, sen prexuízo de que este poida deduci-las accións que resulten procedentes contra as persoas ás que sexan materialmente imputables as infraccións.

**Artigo 7º.-** A *autorización ou copia compulsada* da mesma deberá *levarse sempre no vehículo*, xunto co **libro de reclamacións dilixenciado** pola Xefatura Provincial de Transportes no que se consignarán tódalas que se efectúen, debendo darse traslado das mesmas á Xefatura que tramitou a solicitude no prazo de *vinte días*.

O incumprimento da dita obriga calificarase como infracción leve do artigo 142.B) da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres.

Para as sucesivas **prórrogas** anuais da autorización, deberá presentarse perante a Xefatura Provincial de Transportes o libro ó que se fai referencia no presente artigo.

**Artigo 8º.-** Os nenos menores de catorce anos poderán ocupar en número de tres os asentos destinados a dúas persoas cando non exista solución de continuidade entre os asentos e estes estean provistos de brazo na parte contigua ó corredor.

A dita circunstancia farase constar expresamente no seguro, o cal deberá cubri-lo risco derivado do número real de alumnos transportados con independencia do de asentos do vehículo.

O preceptuado no presente artigo non será de aplicación nos servicios ocasionais para excursións nas que a duración exceda do tempo máximo de permanencia dos menores no vehículo que establece o artigo 8.1 do Real Decreto 2296/1983-

**Artigo 9º.- 1.** Para a prestación dos servicios públicos definidos no artigo 1º, recoñécese un **dereito de preferencia** ós titulares de servicios públicos ou regulares permanentes de viaxeiros de **uso xeral** ou **especial** sempre que *teñan expedicións autorizadas tódolos días lectivos ou laborables*, cando exista unha **coincidencia superior ó 50%** entre o itinerario do servicio regular de uso xeral ou especial e o do transporte escolar.

**2. O exercicio do dereito de preferencia axustarase ás regras seguintes:**

- Deberá necesariamente *exercerse no acto do concurso público*, cando este sexa o procedemento de adxudicación do contrato.
- Nos demais casos a Xefatura Provincial de Transportes *notificara* os titulares das mesmas coincidentes na porcentaxe sinalada no punto 1. para que manifesten no prazo de quince días se están dispostos a realiza-lo servicio nas mesmas condicións, con indicación do vehículo ou vehículos que aporta para a súa prestación, os

cales deberán ter características similares ás ofertadas polo peticionario.

Entenderase que *reúne as mesmas condicións* cando ofrezca:

1) Vehículo con autorización para servicio público discrecional ou, no suposto previsto no artigo 3º, adscrito de forma exclusiva á concesión do servicio regular.

2) Iguais calendario, horario, itinerario e tarifa comprendida entre as máximas e as mínimas vixentes.

3. O citado dereito de preferencia **non será de aplicación** nos supostos seguintes:

- Os *servicios solicitados* co **orixe ou destino** en **capitais** de provincia da Comunidade Autónoma ou **ciudades** con poboacións que estean comprendidas entre 75.000 e 100.000 habitantes **cun itinerario** que non exceda de **7 km.** medidos por estrada, **ou de 15 km.** medidos de igual modo, cando as referidas cidades excedan de 100.000 habitantes.

- As *expedicións dos servicios públicos regulares permanentes de uso xeral* que **comuniquen** dúas ou máis **capitais** de provincia ou calquera destas coa da Comunidade Autónoma ou **cidade** de máis de 75.000 habitantes.

- Ás *sucesivas prórrogas anuais* das autorizacións, cando o titular do servicio público regular permanente de viaxeiros de uso xeral coincidente non exerceuse en tempo e forma o seu dereito de preferencia, sempre que a dita prórroga non supoña unha modificación obxectiva do contrato, a variación do itinerario do mesmo que determine que o servicio coincida en máis do 50% cun regular de uso xeral ou especial, sempre que o contrato anterior non superase xa a dita porcentaxe de coincidencia.

4. A **Consellería de Educación** e Ordenación Universitaria poderá concertar **convenios coas asociacións e federacións de transportistas**, que representen, polo menos, dúas terceiras partes das empresas e dos vehículos provistos de autorización de transporte público de viaxeiros discrecionais en Galicia.

Nos ditos convenios determinaranse as precisas condicións que xustifiquen, en atención ó interese xeral e polas especiais circunstancias concorrentes, os termos nos que, se é o caso, será de aplicación o dereito de preferencia ó que fai referencia o punto primeiro deste artigo.

De conformidade con tales convenios e na súa execución, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederá a contratar ulteriormente os servicios de transporte de estudantes ós que lle sexa de aplicación o convenio. (*Apartado introducido polo Decreto 342/1998, do 27 de novembro*)

**Artigo 10º.- 1.** A autorización regulada no presente Decreto terá **vixencia durante o curso escolar** ou, no caso de **transporte de produtores, anual**, e poderá ser **prorrogado** cando as condicións obxectivas nas que foi autorizado o servicio primitivo non experimentasen variacións.

Para o efecto de concede-la prórroga a Administración valorará o cumprimento dos termos do contrato e autorización e o grao de satisfacción dos usuarios.

**2. Non procederá en ningún caso a prórroga** nos seguintes supostos:

a) Cando o transportista público deixase de cumprir algunha das condicións requiridas polo artigo 42 da L.O.T.T.

b) Reincidencia en infraccións graves ou moi graves apreciadas de conformidade co establecido nos artigos 140 h) e 141 r), en relación co 144 da L.O.T.T.

c) Modificación dos servicios nos que os titulares exercen o dereito de preferencia cando como consecuencia dela a porcentaxe de coincidencias deixase de supera-lo establecido no art. 9.

d) A falta de pago de sancións firmes en vía administrativa impostas por infraccións á lexislación vixente en materia de transportes.

**Artigo 11º.- 1.** Os vehículos que presten os servicios regulados no presente Decreto deberán ostentar un **rótulo** no que figure a mención da modalidade de transporte para o que estean autorizados e o nome de centro escolar ou de traballo.

Ademais, os que efectúen transporte escolar deberán levar na parte superior anterior e posterior do vehículo a sinalización que establece o artigo 3.9 do Decreto 1044/1973.

**2.** O incumprimento do establecido no punto anterior considerarase, de conformidade co artigo 142 c) da Lei 16/1987, infracción leve.

**Artigo 12º.-** O preceptuado no Real Decreto 2296/1983, do 25 de agosto, sobre tráfico e circulación de vehículos escolares e de menores, así como na Orde do 26 de outubro de 1983, será de aplicación directa ó transporte escolar e de menores tanto urbano como interurbano.

**Artigo 13º.- 1.** A **contratación** do transporte escolar a **centros públicos** será efectuada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**2.** A contratación do transporte escolar a **centros privados** será efectuada pola dirección do centro escolar e, no seu defecto, polas asociacións de pais.

3. A contratación do transporte *de produtores* será efectuada polo centro fabril, comercial ou de servizos ou, se é o caso, polas organizacións de traballadores.

### DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

**Primeira.-** Excepcionalmente, cando non fose posible dispoñer de vehículos provistos das autorizacións reguladas no artigo 3º, a Dirección Xeral de Transportes poderá autorizar a prestación dos servizos públicos regulados no presente Decreto mediante vehículos de menos de 10 prazas, provistos de **autorización serie V.E.**, na forma en que pola Consellería de Ordenación do Territorio se determine.

**Segunda.-** Os servizos públicos de transporte regulados no presente Decreto deberán necesariamente axustarse ás **tarifas** establecidas pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, co informe previo, en canto ós servizos de Transporte Escolar da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

**Primeira.** As autorizacións que se atopen en tramitación no momento da entrada en vigor do Decreto suxeitaranse integramente ó previsto no mesmo.

**Segunda.** Excepcionalmente, durante o prazo de dous meses a partir da entrada en vigor do presente Decreto, os prestatarios do servizo de transporte escolar e de obreiros que o veñan realizando á publicación deste Decreto, cunha antigüidade superior a cinco anos, acreditada nos supostos de transporte escolar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e nos demais supostos, mediante certificación do centro docente ou laboral correspondente e informe das federacións de empresarios de transporte de viaxeiros legalmente constituídas, poderán normalizala súa situación administrativa, mediante a oportuna solicitude.

**Terceiro.** As autorizacións para realizar transporte de escolares ou de obreiros que, á entrada en vigor do presente Decreto, se presten con vehículos provistos de tarxetas serie VR e que non se atopen comprendidas na excepción recollida no artigo 3º. a) do presente Decreto, terán, excepcionalmente, validez ata o remate do curso escolar ou do ano no transporte de obreiros, para as sucesivas prórrogas deberán aportar para o efecto vehículos provistos de autorización de transporte público discrecional, ou ben, troca-las autorización serie VR por outras de transporte público discrecional nos termos que, no desenvolvemento deste Decreto, sexan establecidas pola Consellería de Ordenación do

Territorio e Obras Públicas, sempre que os vehículos cumpran as prescricións contidas no R.D. 2296/1983, do 25 de agosto.

### DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

**Primeira.** Facúltase á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas para dictar as disposicións que fosen precisas para o desenvolvemento do presente Decreto.

**Segunda.** O presente Decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas as Ordes da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 11 de xuño de 1980, 29 de decembro de 1980, 22 de abril de 1981, o Decreto 300/1985 e cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ó disposto no presente Decreto.